

**Resolución do tribunal designado pola Orde do 27 de xullo de 2023 (DOG número 148, do 4 de agosto de 2023) que cualifica o proceso de mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante Orde do 19 de abril (DOG número 86, do 5 de maio)**

En sesión que tivo lugar o día 8 de setembro de 2023, o tribunal referido no encabezamento, e realizada a baremación dos méritos de acordo ao establecido na base quinta da orde de convocatoria do proceso de provisión por mobilidade para a cobertura de 22 prazas dos corpos da Policía Local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1, publicada no Diario Oficial de Galicia con data 5 de maio de 2023

**ACORDOU:**

Facer pública como anexo a esta resolución, a baremación provisional, coa indicación da puntuación obtida por cada aspirante.

Contra esta baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante este tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles, é dicir o período comprendido entre o día 11 ao día 15 de setembro do ano en curso.

A vista das reclamacións que se presenten, e no suposto de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase a súa publicación definitiva na páxina web da Agasp.

Nas reclamacións non se terán en conta méritos novos nin os non acreditados que non se presentarán coa solicitude inicial.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra a baremación no prazo de cinco días contados a partires do seguinte á publicación desta resolución na web da Agasp. Tal e como establece a convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Na data da sinatura dixital

A Presidenta do tribunal

María Rey Rivera

